

DERECHO  
SOCIAL  
REVISTA  
GALLEGA  
DE

REGULACIÓN DE EMPREGO



## RESOLUCIÓN DO 24 DE XANEIRO DE 2001

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado na marxe, do que se coñece en virtude do recurso de alzada formulado por don R.H.M., avogado actuante en nome e representación de seis traballadores da empresa “V.I.M., S.A.”, contra a resolución de data 27.12.99, da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo, e tendo en conta os seguintes

### Feitos

PRIMEIRO: En data 11.11.99, don J.A.P.E. en calidade de xerente da empresa “V.I.M., S.A.” presentou na Delegación Provincial da consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo, solicitude instando autorización para proceder á extinción das relacións xurídico-laborais da totalidade do cadro de persoal da referida empresa, composto por 22 traballadores.

A empresa, que achega coa referida solicitude diversa documentación, completa esta logo do oportuno requirimento efectuado pola Delegación Provincial, fundamenta a petición realizada en causas económicas e de produción, debido ó feito de que en data 20.05.1999 a empresa “B.M.W.I., S.A.” rescindiu de xeito unilateral o contrato de concesión que a unía con “V.I.M., S.A.”, deixándoa sen posibilidade de continuidade a causa da falla do servizo oficial que a mantiña, xa que a meirande parte da actividade desta última consiste na venda e mantemento dos vehículos da automobilística “B.M.W.I., S.A.”

No que respecta ó período de consultas a empresa acredita igualmente, tralos oportunos requirimentos efectuados pola Delegación Provincial, a súa realización e finalización mediante a presentación da correspondente documentación xunto coa Acta final do referido período de data 15.12.99, na que a maioría dos traballadores (trece) amosan a súa conformidade co expediente presentado, negándose a asinala seis traballadores e absténdose outros dous.

SEGUNDO: Por don R.H.M., letrado de CC.OO. actuando en nome e representación de sete traballadores afectados polo presente expediente, presentouse en data 29.11.99 na Delegación Provincial de Pontevedra en Vigo, escrito ó que acompaña diversa documentación, no que amosando a súa desconformidade co expediente presentado solicitan a non emisión de resolución mentres o Xulgado do Social nº 1 de Vigo non se pronunciase sobre a demanda de rescisión de contrato presentada polos referidos sete traballadores en data 05.11.99, baseada esta na falta de pagamento de salarios do mes de outubro de 1999, así como non darse traballo efectivo pola empresa ós demandantes.

TERCEIRO: Logo da tramitación e instrución oportuna, solicitado o preceptivo informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social, emitido este en sentido favorable, a Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo, en data 23.12.99, dictou resolución que agora se impugna, que na súa parte dispositiva RESOLVE “ESTIMA-LA petición formulada pola empresa “V.I.M., S.A.” e en consecuencia, AUTORIZA-LA extinción dos contratos de traballo da totalidade do seu cadro de persoal (22 traballadores) con efectos a partir da data desta resolución”.

Dito pronunciamento ten o seu fundamento nos razoamentos recollidos nos seus FUNDAMENTOS XURÍDICOS SEGUNDO E TERCEIRO, que son do seguinte teor literal: “SEGUNDO: Resultando acreditada, segundo a documentación que se acompaña á solicitude de regulación de emprego e tal e como corrobora o informe da Inspección de Traballo, a concorrencia de causas económicas e productivas que xustifican consonte co art. 51 do ET. solicitada, resulta irrelevante, a xuízo desta autoridade laboral, que determinados traballadores amosen o seu desacordo con ese expediente, pois segundo declara a xurisprudencia (STSJ Madrid, 25 de abril de 1996, Sent. TS de 24 de setembro de 1986), o expediente de regulación de emprego, tal e como resulta do art. 51 do ET, trámítase para extinguir colectivamente contratos dun número determinado de traballadores, de maneira que a causa da extinción é unha e a mesma para tódolos afectados polo mesmo expediente e as condicións da extinción, de igual modo, han de ser xerais para todos eles, non tendo o período de consultas unha natureza de pacto transaccional individual, que por si mesmo poña fin a relación laboral de cada traballador, senón que constitúe un trámite necesario que pode rematar o acordo ou sen el. En definitiva, a sorte dos afectados polo expediente de regulación de emprego ten que ser igual e común para todos eles, con independencia da súa postura no período consultivo.

TERCEIRO: Polo que atinxe á presentación por parte de sete dos traballadores afectados polo expediente de regulación de emprego, dunha demanda de extinción de contratos ex art. 50.1.b) ET, cómpre significar que segundo a doutrina xurisprudencial dominante (Sent. TSX Navarra, 3 de abril de 1997, Sent. TSX de Castela-León (Valladolid) 21 de maio de 1996, Sent. TSX Madrid 18 de marzo de 1998), cando o empresario teña iniciado un ERE ó abeiro do art. 51, en tanto non conclúa por resolución firme, prima o interese solidario e colectivo fronte ó exercicio de accións individuais ex. Art. 50, que podería traducirse en situación de privilexio fronte os demais afectados pola pretensión

empresarial, obtendo indemnizacións moi superiores en tanto non se decida pola procedencia ou non da extinción contractual intentada pola empresa. É certo que neste caso a demanda de extinción de contratos interpúxose con anterioridade á presentación do ERE, pero a sentenza desestimatoria dictada polo Xulgado do Social nº 1 de Vigo, con data do 07.12.00 (que consta no expediente) determina que, con base na primacía do interese solidario e colectivo sobre o exercicio de accións individuais, se dicte resolución por esta autoridade laboral”.

CUARTO: Contra a antedita Resolución interpúxose o recurso de alzada citado no encabezamento, no que tralas consideracións e argumentacións que consideraron máis convenientes en defensa da súa pretensión, e que se dan aquí por reproducidas, solicítase a revogación da mesma.

QUINTO: Do escrito de recurso deuse traslado pola delegación provincial de Pontevedra en Vigo, á empresa, para ó efecto de que a vista do mesmo se formularan as alegacións que estimaran pertinentes, tendo transcorrido ó período concedido ó efecto sen que se evacuara dito trámite.

SEXTO: De acordo co establecido no Art. 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a delegación provincial de Pontevedra en Vigo, remitiu o escrito de recurso, correspondente ó expediente administrativo, e mailo seu preceptivo informe, que é do seguinte teor literal: “1.- Con data 11.11.99, tivo entrada nesta delegación provincial, solicitude formulada por don J.A.P.E., como xerente da empresa “V.I.M., S.A.”, para a extinción dos contratos de traballo da totalidade do seu cadro de persoal, por causas económicas de produción. 2.- Acreditada, tras sucesivos requirimentos desa autoridade laboral, a realización do preceptivo período consultivo coa totalidade dos traballadores afectados, dada a ausencia de representación legal na empresa, a maioría deles amosaron a súa conformidade co expediente, negándose a asinala acta finalizadora das consultas (de data 15.12.99, seis traballadores e abstivéronse outros dous). 3.- Sete traballadores, que non manifestaron a súa conformidade co expediente, presentaron o 29.11.99 un escrito nestas dependencias, no que se limitaban a alegar que, con data do 05.11.99 presentaron demanda de rescisión de contrato por falta de traballo efectivo e de pagamento da mensualidade de outubro, e, considerándose preferente o expediente de regulación de emprego, solicitaban que non se dictase resolución ata que non rematase a vía xudicial, estando pendente de resolución polo TSXG a súa demanda.

A este respecto cómpre sinalar, seguindo unha importante doutrina xurisprudencial, que nos expedientes de regulación de emprego debe predominar o principio de solidariedade entre os traballadores, principio que quedaría afectado de maneira moi negativa se tiveran amparo xurídico as pretensións dos que desisten, máxime neste expediente no que soamente interpuxeron demanda xudicial seis dos traballadores afectados, sendo a súa pretensión desestimada na vía xudicial (se ben non de xeito definitivo) por entende-lo maxistrado de instancia que non concurría a causa de extinción prevista no artigo 50.1 c) do ET.

Por outra banda, convén non ignorar que resulta totalmente acreditada a difícil situación económica da empresa motivada pola rescisión da concesión que lle vinculaba con “B.M.W.I., S.A.”.

En definitiva, do que se trata é de que as adversas condicións económicas empresariais, polo seu carácter de xeneralización, repercutan equitativa e de xeito compartido sobre tódolos traballadores da empresa.

Por todo o exposto, considera esta delegación provincial que, salvo superior criterio de V.E. procede desestimar o recurso de alzada e confirmar integramente a resolución recorrida”.

SÉTIMO: Na tramitación do presente recurso, así como no expediente do que trae causa observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

## Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, vén determinada polo Real Decreto 1999/1984, do 12 de setembro (BOE 12.11.84), sobre traspaso de funcións e servizos en materia de Regulación de Emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 17.01.85), Decreto 161/2000, do 29 de xuño (DOG 03.07.00) en relación co Real Decreto Lexislativo 1/1995 do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO: En primeiro lugar debemos sinalar que a resolución de instancia autorizando a medida extintiva solicitada, unha vez constatadas as causas alegadas pola empresa e logo do informe emitido en sentido favorable pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, foi dictada, de acordo co previsto no art. 51 do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/95, do 24 de marzo, e o art. 11 do Real Decreto 43/96, do 19 de xaneiro, tendo en conta o resultado acadado no período de consultas, reflectido en acta de data 15.12.99, non concorrido nin apreciándose na súa conclusión indicio de ningún vicio que puidera derivar na adopción dunha decisión distinta pola autoridade laboral.

Alegan os recorrentes o feito de que téndose presentada demanda de rescisión de contratos, con anterioridade a instarse o expediente de despido colectivo, demanda da que coñeceu o Xulgado do Social Nº 1 dos de Vigo, que dictou sentenza desestimatoria, e que esta foi recorrida en suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, estando pendente de sentenza; sendo así que debe primar esta acción, anterior no tempo ó expediente de despido colectivo instado pola empresa, xa que consideran incompatibles ámbalas dúas accións, polo que terminan solicitando a revogación da resolución que se recorre con respecto ós hoxe recorrentes, afectados polo expediente que nos ocupa, ó non ser firme a sentenza de instancia.

Fundaméntase a petición final do recurso empregando os razoamentos recollidos na sentenza de data 07.12.99 do Xulgado do Social, que di que a doutrina maioritaria, de suplicación, considera que ambas accións son incompatibles no seu exercicio e que, exercitada unha, queda enervada a primeira presentada.

Con respecto a dita fundamentación hai que sinalar que os recorrentes a interpretan nun sentido finalista, en aras á defensa da petición final que se recolle no recurso presentado, xa que se ben a sentenza menciona tal extremo, non é menos certo que a incompatibilidade de dúas accións se entende no caso concreto de que iniciado un expediente de regulación de emprego, en tanto non se dicte a resolución firme ó respecto

non pode o traballador emprender acción de rescisión de contrato (como manifesta a reiterada xurisprudencia o respecto, TSX Castela e León do 05.02.91), acción que si sería posible iniciar antes da presentación do expediente de despido colectivo polo empresario (caso que nos ocupa), se ben, unha vez instado este, e a pesares de terse presentada demanda por despido con anterioridade, entendemos que debe primar o interese colectivo do conxunto dos traballadores afectados sobre o exercicio de accións individuais como así se desprende da propia redacción da sentenza do Xulgado do Social nº 1 que literalmente di no parágrafo terceiro do Fundamento do Dereito Primeiro: *“Debe concluírse que cabe insta-la rescisión so cando non se puxera en marcha un expediente de regulación de emprego e que non cabe en caso contrario e que, aínda que o proceso de rescisión se tivera iniciado antes, non cabe a rescisión se antes do xuízo e da sentenza a relación laboral xa non está viva porque a Autoridade Laboral autorizara á empresa a extingui-los contratos”*.

Como consecuencia do exposto, e tralo exame do conxunto probatorio derivado do expediente, examinadas as causas e circunstancias motivadoras do mesmo, débense rexeita-las alegacións aducidas á través do recurso de alzada presentado, que non desvirtúan o acerto da resolución de instancia polo que procede desestimar o devandito recurso confirmando aquela en tódolos seus extremos.

Así, vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais,

### **Acorda**

Desestima-lo recurso de alzada presentado por don R.H.M., en nome e representación de seis traballadores da empresa “V.I.M., S.A.”, contra a resolución de data 23.12.99, dictada pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra, en Vigo, no expediente de regulación de emprego nº 281/99 promovido pola referida empresa. E, na súa consecuencia, conforma-la citada resolución en tódolos seus extremos.